


A morte como materia poética

FEDOR

Luís VALLE

Sotelo Blanco | 2011 | 98 páxinas



A finais do 2008 outorgóuselle o VII Premio Caixanova a un libro intitulado *A caída* (Pen Clube de Galicia, col. Arte de Trobar, 2009), que nos veu a descubrir o nome de Luís Valle Regueiro (Lugo, 1977). E foi unha descuberta porque o autor naceu para a literatura galega, xa que no seu currículo creativo (onde xa había tamén outros premios) o idioma da escrita literaria era o castelán. Luís Valle incorporouse á nosa lingua e á nosa literatura cando se reafirmou ao gañar o XXIII Premio Eusebio Lorenzo Baleirón de poesía, que concede o Concello de Dodro, por este poemario *Fedor*.

O libro honra moito a memoria de Eusebio Lorenzo Baleirón por varias razóns, dunha banda polo alento e o pouso clásico que comparten o estro dos dous poetas, pola querenza por un certo hermetismo, polo culturalismo e o coidado formal que deitan os versos e, sobre todo, pola presenza da morte e do temor perante á desaparición que paira polas páxinas de *Fedor* coma antes o fixera nese magnífico libro de Eusebio que se titulou *A morte presentida* (1988, póstumo,

pois o poeta morreu con 24 anos o 14 de decembro de 1986).

Que hai de alento e pouso clásico en *Fedor*? Pois sen dúbida o tratamento da morte como materia poética, que xa existe nos clásicos greco-latinos, e citaríase por pracer estético a súa presenza nos *Tristia* de Ovidio, e que chega até a contemporaneidade, abonda con lembrarmos ese inesquecible verso de Cesare Pavese: "Verrà la morte e avrà i tuoi occhi" ('Virá a morte e terá os teus ollos').

O verso de Pavese, sen estar, tamén paira sobre o libro, pois apenas hai citas explícitas nos textos de Luís Valle, tan só o poeta latino Terencio (*Veritas odium parit*, 'A verdade enxendra o odio') e outra do poeta alemán de orixe xudía Paul Celan (*droben, im gedicht*, 'aló enriba, no poema'), alén dunha dedicatoria a Antonio Gamoneda.

Non podemos esquecer que Paul Celan tamén é autor dun magnífico poema que na tradución española de José Luís Reina Palazón, publicada en Trotta, levaba o título de "Fuga de la muerte" (Todesfuge) e para Antonio Gamoneda tamén é algo recorrente, abonda con lembrar estes versos do seu *Libro del frío* (1992): "Pero tú pesas en mi corazón y, como una miel oscura, yo te siento en mis labios al ir hacia la muerte".

"A tres nenas mortas nun tempo de espanto" é a dedicatoria que abre este *Fedor*, así que non podemos sorprendernos de que a morte sexa a columna vertebral do libro e que esa palabra sexa un termo reiterado nas súas páxinas.

Ora ben, falarmos só da morte, malia o seu fedor, sería constrinxir este libro a unha idea xenérica. Alén diso, hai outros fíos que o autor desenvolve e que non poden deixar de pasar desapercibidos. Así, chama poderosamente a atención a metaliteratura ou a metapoética. Velaí o fermoso "Pequena poética" que abre estas páxinas: "Escribo porque teño un sapo seco por corazón, e unha flor morada cravada no ollo".

Ou, por citarmos os dous exemplos máis significativos, o breve poema da páxina 61: "Porfía do

poema, levantar o verso caído, a congoxa do non dito”.

Son tamén varios os poemas que deitan reflexións metalingüísticas, nos que aparece a lingua como ferramenta, mais tamén como dúbida: “Esquezo a lingua materna, o idioma de leite sincopado. Cravado nesta luz: corza branca de ningures, tradeo os meus ollos, para recoller o chorado, e extraviarte na cegueira”.

E están tamén a animalización dos sentimentos, nomeadamente da dor e do desamor, os traballos e os días na terra e incluso o arrecendo do mar, velaí o fermoso “O pescador”.

E mesmo podería facerse unha lectura espiritual, mística ou relixiosa, e non só pola presenza do profeta Elías de Tisbé, aquel que segundo contan os textos bíblicos fora enviado por Deus para avisar a Acabe e Jezabel que deixasen de crer en Baal.

Que hai de coidado formal en *Fedor*? A querenza de Luís Valle pola sonoridade dos versos e pola concisión. No prólogo que Darío Xohán Cabana escribía para o seu primeiro libro galego, *A caída*, xa lembraba que eses poemas tiñan o mesmo espírito do haiku xaponés e que iso xa estaba tamén na súa opera prima en castelán, *Zigurat* (2001). E esa densidade tamén se respira neste poemario, aínda que *strictu sensu* non se poida falar do haiku clásico (de dezasete sílabas divididas en 5/7/5), só que agora os poemas aparecen construídos a modo de pequenas prosas poéticas, sen pausa versal, mais tampouco importa porque os textos manteñen un perfecto ritmo de dicción, son para dicir en voz alta, agradecen ese tipo de lectura.

Tamén hai coidado formal na estrutura. A construción dun poemario dunha maneira intencionada, entendendo como poemarios os textos que teñen un fio condutor, unha ligazón interna, unha xuntura entre os versos. Pode levarnos a engano que aparezan catro poemas datados nesta orde, en Argán, 2009; en, Xangai, 2010; na Igrexa de Santiago de Mocelos, 2009, e en Compostela, 2010; mais pouco importa, non hai caos, non hai desorde, porque a

cerna da materia poética é semellante do principio á fin do libro ■ Miro Villar

Volve o halifa Reixa

LECCIÓNS DE COUSAS | LECCIONES DE COSAS

ANTÓN REIXA

La Oficina | 2011 | 120 páxinas

Nun informe inédito de Rompente, aló polo ano 1977, apostaba por unha renovación do discurso poético no seo dun campo asoballado pola estética social realista e folclorista. Dentro deste colectivo iniciábase un moi mozo Antón Reixa que dende estes inicios se colocaría dentro do campo como o eterno dadaísta galego. Esta é a liña que se mantén até o último volume, *Leccións de cousas* (2011), que acaba de publicar a editorial La Oficina e que se enmarca dentro dunha retrospectiva sobre a *performance* do autor no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Como indicamos antes, a liña poética que comeza Reixa xa en Rompente caracterízase por unha estética de resistencia cultural até hoxe. Naquela altura atopamos unha proposta de acción na que se procura por todos os medios unha revisión da produción do campo literario galego e dos seus hábitos para os trocar e adaptar a unha situación totalmente nova. Para acadar estes obxectivos, o grupo centra o seu traballo na renovación do discurso poético buscando na vangarda e, posteriormente, no discurso posmoderno, o seu método de avaliación. Alén disto, hai unha aposta moi decidida por incidir nun discurso que ha romper o formato libro e indagar noutros formatos, como a edición multicopiada, o recital poético e a escenificación de textos.

Todo o dito ímolo ver sempre colgado á etiqueta A. Reixa. Dende aqueles textos iniciais en *Crebar as liras*, de 1976, pasando por experiencias como *As ladillas do travesti*, *His-*

toria do Rock and Roll ou *Viva Galicia beibe*, sempre imos atopar un autor que camiña pola verea da posmodernidade, sendo fiel a unha sociedade que non precisa ficar anquilosada en vivencias e bases filosóficas dos anos cincuenta.

Centrándonos no libro que temos nas mans, atopamos un volume que encerra realmente unha colectánea de textos agrupados en tres títulos e un dvd con propostas performáticas sobre algúns poemas en particular. Como dato de interese, tamén obtemos un texto que presenta os poemas traducidos ao castelán e un feixe deles ao inglés. Os motivos que se poden barallar para esta última cuestión poden ser variados, pero coidamos que a posible introdución dentro do campo literario español e, desta maneira, a creación dun conflito no seo do campo literario galego poida ser a razón máis posible, sobre todo pensando na personalidade do autor, quen sempre reivindicou a postura de conflito ou de resistencia cultural a través dun discurso que ataca o *status quo* literario.

O primeiro dos textos é “Maldicir”. Para o lermos cómprenos indicar antes que este texto estaría en diálogo directo cun anterior traballo de Reixa titulado “Escarnio”, por certo, tamén traducido ao español. Os dous teñen en común unha volta á Idade Media, en tanto a busca dun estilo que ten que ver coa lírica medieval e

